



- O sistema de protección civil recolle e xera información sobre os previsibles fenómenos adversos e, unha vez avaliados os posibles riscos en función dos seus efectos, decide activar a situación de alerta.
- Escoite as emisoras de radio e televisión e siga as recomendacións dadas polas autoridades de Protección Civil.

LEMBRE

A práctica da autoprotección polos cidadáns, ademais de favorecer a cada un deles, xera a seguridade do colectivo.

Ante calquera situación de emerxencia chame ao teléfono

112

Para máis información
www.112sosgalicia.org



TERREMOTOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA
Dirección Xeral de Protección Civil



- Os terremotos son un dos fenómenos naturais con maior capacidade para producir consecuencias catastróficas sobre extensas áreas do territorio, podendo dar lugar a danos en edificacións, infraestruturas e outros bens materiais, interromper o funcionamento de servizos esenciais e ocasionar, no seu caso, vítimas entre a poboación afectada.

- A predición sísmica no tempo actual non é posible, pero estanse a facer estudos moi rigorosos baseados nos datos existentes dende fai décadas o que permite diferenciar zonas máis ou menos perigosas e en consecuencia, tomar medidas de prevención e atenuación dos efectos no campo da enxeñaría, arquitectura e na información e formación da poboación.

ANTE UN TERREMOTO SIGA OS SEGUINTE CONSELLOS



Antes do tremor

- ✓ Coñeza onde están e como desconectar as chaves da luz, gas e auga.
- ✓ Informar á familia do interese do reagrupamento de todos os membros da mesma despois dun terremoto.
- ✓ Non teña obxectos pesados en estanterías altas.

Durante o tremor

- ✓ Manteña a calma.
- ✓ Se está dentro dun edificio quédese dentro, se está fóra, permaneza fóra.
- ✓ Dentro dun edificio resgárdese baixo unha mesa, cama ou marcos das portas.
- ✓ Fóra dun edificio, alónxese dos cables eléctricos, cornixas, cristais, pretís, etc.

- ✓ Apague todo lume durante ou inmediatamente despois do tremor.
- ✓ Vaia cara a lugares abertos, non corra e coidado co tráfico.
- ✓ Para a evacuación utilice a escaleira, nunca os ascensores.
- ✓ Se vai en coche páreo, permaneza dentro.

Despois do tremor

- ✓ Garde a calma.
- ✓ Comprobe o estado das conducións de gas, auga e electricidade.
- ✓ Apague calquera lume.
- ✓ Non utilice o teléfono a menos que sexa para situacións de extrema urxencia.
- ✓ Escoite a radio, daralle información puntual do que está a ocorrer.
- ✓ Coidado coa utilización da auga, pode estar contaminada.